

# PLAN DE CONVIVENCIA

*Curso*  
*2019/20*





## ÍNDICE

<b>1. XUSTIFICACIÓN</b>	<b>4</b>
<b>2. MARCO LEGAL</b>	<b>4</b>
<b>3. ANÁLISE DA SITUACIÓN, PARTINDO DUN DIAGNÓSTICO PREVIO DA SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO.</b>	<b>6</b>
<b>4. OBXECTIVOS DERIVADOS DA ANÁLISE PREVIA.</b>	<b>10</b>
4.1 Obxectivos xerais.	10
4.2 Obxectivos específicos.	10
<b>5. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS QUE SE VAN DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA, INCLUÍNDO MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN E ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN, ENTRE OUTRAS.</b>	<b>13</b>
5.1 Actuacións para previrmos o conflito.	13
5.2 Medidas de coordinación.	13
5.3 Plan de acollida para o alumnado de nova incorporación.	13
5.4 Actividades de sensibilización fronte aos casos de acoso e intimidación entre iguais.	13
5.5 Actividades de sensibilización na igualdade entre homes e mulleres.	14
5.6 Medidas de carácter organizativo.	14
5.7 Actuacións formativas en materia de convivencia.	15
<b>6. PROTOCOLO DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO.</b>	<b>16</b>
6.1 Identificación da situación de acoso.	16
6.2 Protocolo de actuacións fronte o acoso.	17
6.3 Estratexias de prevención.	20
<b>7. CONCRECIÓN DAS PERSOAS OU ÓRGANOS RESPONSABLES, DAS PERSOAS DESTINATARIAS E DOS PROCEDEMENTOS QUE SE VAN SEGUIR PARA O SEU DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN.</b>	<b>21</b>
<b>8. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO.</b>	<b>22</b>



<b>9. ESTABLECEMENTO DE CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E DAS CORRECCIÓNS QUE CORRESPONDAN Ó SEU INCUMPRIMENTO.</b>	<b>25</b>
9.1 Conductas leves contrarias á convivencia.	26
9.2 Medidas correctoras das conductas leves contrarias á convivencia.	26
9.3 Conductas gravemente perxudiciais para a convivencia.	27
9.4 Medidas correctoras das conductas gravemente prexudiciais para a convivencia	28
<b>10. A COMISIÓN DE CONVIVENCIA</b>	<b>28</b>
10.1 Composición.	29
10.2 Funcións	29
<b>11. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA</b>	<b>30</b>
<b>12. ESCOLAS DE PAIS</b>	<b>31</b>
<b>13. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DO CONTORNO.</b>	<b>32</b>
<b>14. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.</b>	<b>33</b>
<b>15. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.</b>	<b>34</b>



## 1. XUSTIFICACIÓN

Os centros educativos son un reflexo do que acontece na nosa sociedade polo que **cremos** que unha escola onde conviven persoas de diferentes razas, costumes e culturas, é unha escola que oferta a marabillosa posibilidade de criar xuntos futuros adultos dunha sociedade que está destinada a ser **pluricultural**.

Mais a convivencia non é unicamente compartir un espazo físico senón tamén **respectar as diferenzas e loitar pola igualdade**. Iso é necesario ensinalo no ámbito familiar pero tamén os centros educativos teñen unha gran responsabilidade nese sentido, por iso pretendemos promover cambios de actitude e comportamentos, polo tanto é imprescindible que **tódolos membros da comunidade se impliquen neste compromiso**. Buscamos crear un bo clima escolar.

Este plan pretende ser un instrumento útil ao servizo da Comunidade Educativa do Centro. Na escola sempre haberá conflitos, logo hai que educar para iso, buscando a súa parte positiva e pedagóxica.

Creemos que a base da educación está na **formación para a vida**, por eso co noso traballo tratamos de concienciar a toda a comunidade educativa da necesidade de presentar **a interculturalidade, a convivencia e o respecto pola diferenzas** como valores que reflexan o mundo que os nosos nenos e nenas van encontrar mais alá das aulas.

Nós temos que demostrar co noso traballo que estamos no camiño correcto e que esta é a educación do futuro, dos futuros cidadáns.

**Estamos convencidos de que a educación en valores nos fai a todos e todas máis solidarios, máis tolerantes, máis comprensivos, máis respectuosos, máis xustos, máis felices ...., en definitiva mellores persoas.**

## 2. MARCO LEGAL

A normativa actual na que nos apoiamos para o desenvolvemento deste Plan de Convivencia é a seguinte:



- Constitución Española
- Lei 4/2011 do 30 de xuño e normativa que a desenvolve
- Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa (LOMCE) (BOE 10/12/2013)
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, para a convivencia e a participación da comunidade educativa. (DOG 15/07/2011)
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. (DOG 27/01/15)
- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos da organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro de protección xurídica do menor.
- Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Lei 5/2000, do 12 de xaneiro, regulador da responsabilidade penal dos menores.
- Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.

CEIP PLURILINGÜE SAN BENITO DE LÉREZ – O Cruceiro, 57 - 36156 - Lerez (Pontevedra)  
Telf.: 886.151.564 – Fax: 886.151.565. e-mail: ceip.sanbenito.lerez@edu.xunta.es

- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero (Abril 2016).
- I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.

### **3. ANÁLISE DA SITUACIÓN, PARTINDO DUN DIAGNÓSTICO PREVIO DA SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO.**

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación e a Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (artigos 120 e 124), recoñecen a autonomía dos centros na elaboración das normas de convivencia e das de organización e funcionamento.

Neste senso nace o Plan de Convivencia do CEIP Plurilingüe San Benito de Lerez, co propósito de asegurar os principios básicos da educación, principios dos que se desprende a capacidade de vivir con outras persoas nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes membros da comunidade educativa.

A liberdade persoal, a responsabilidade, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza serán, entre outros, os valores que encarnen este proxecto de reflexión e pensamento ó que se fai referencia no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Non obstante, antes de referir as liñas de actuación para a mellora da convivencia a implantar no noso centro, cómpre determinar cales son as súas características, isto é, contextualizar o mesmo.

O CEIP Plurilingüe San Benito de Lerez é un centro dunha soa liña situado no lugar de O Cruceiro, na Parroquia de O Divino Salvador de Lerez. Aínda que na antigüidade esta parroquia pertencía ó Concello de Alba, na actualidade forma parte do Concello de Pontevedra.



CEIP PLURILINGÜE SAN BENITO DE LÉREZ – O Cruceiro, 57 - 36156 - Lerez (Pontevedra)  
Telf.: 886.151.564 – Fax: 886.151.565. e-mail: ceip.sanbenito.lerez@edu.xunta.es

O contorno oscila entre o rural e o semiurbano, dada a proximidade da cidade de Pontevedra. A demografía do Concello de Pontevedra é das máis altas de Galicia (territorio cunha taxa de crecemento demográfico negativo). O número de matrículas no Centro foi baixo nos últimos cursos, mais está a darse un cambio de tendencia, cunha suba significativa de novas matrículas para o vindeiro curso 2020-21.

Dende o punto de vista económico e laboral das familias dos nosos alumnos/as, asentadas na súa maioría na parroquia ou nas proximidades da mesma, cabe referir unha situación diversa. Por un lado, atopamos familias cun desenvolvemento económico e un nivel cultural baixo, nas que soamente traballa un dos proxenitores; isto é, conviven familias con poucos ou mesmo escasos recursos económicos-tecnolóxicos-culturais con familias de clase media e media-alta. É tamén significativa a presenza de alumnado de etnia xitana e, nos últimos cursos, de alumnado de orixe inmigrante.

Tal e como ocurría co desenvolvemento socio-económico e cultural, no aspecto lingüístico tamén podemos atopar unha situación diversa, isto é, familias cuxa lingua habitual é o galego, familias que empregan o castelán e outras que utilizan indistintamente ambas linguas. Con todo, o uso da lingua galega por parte do alumnado de xeito espontáneo é inexistente ou residual, así como a iniciativa propia á hora de empregala.

Os principais focos de conflito no noso Centro danse nas quendas de autobús e no patio, durante o recreo. Os conflitos máis recorrentes son: insultos, empurróns, discusións pola pista de xogo, interrupcións e non respectar as quendas, falta de puntualidade na hora de entrada.

Unha vez coñecido o marco contextual no que nos desenvolvemos, e coa mirada posta no que queremos ser, cómpre salientar unha serie de aspectos que, no ámbito educativo e dende o consenso de tódolos estamentos que compoñen a comunidade educativa, contribuirán a acadar unha mellora da convivencia escolar. Para facer referencia ós mesmos, empregaremos a ferramenta DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades). Esta permitirá determinar a situación na que nos atopamos, coñecer as nosas necesidades para deseñar, en base ás mesas, as oportunas actuacións.



DEBILIDADES	AMENAZAS
<p><b>Centro/Profesorado</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• A falta de pautas pedagógicas comúns.</li> <li>• Desaproveitamento da contorna.</li> <li>• A falta dun maior grao de debate e comunicación (traballo en equipo). <ul style="list-style-type: none"> <li>• A falta dun PAT</li> </ul> </li> <li>• A falta de normas e consellos comúns ó comezo do curso.</li> </ul> <p><b>Alumnado</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Existencia de casos puntuación de non aceptación das normas.</li> <li>• Presenza de alumnado con conductas disruptivas</li> </ul> <p><b>Familias</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comunicación escasa entre o centro e a familia.</li> <li>• Elevado cuestionamento ás decisións dos docentes</li> <li>• Falta de recursos económicos, culturais e tecnolóxicos.</li> </ul>	<p><b>Centro/Profesorado</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• A necesidade de contar con formación específica en materia de convivencia escolar.</li> </ul> <p><b>Familias</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Elevado número de familias sobreprotectoras.</li> </ul>
FORTALEZAS	OPORTUNIDADES





### Centro

- Existencia dun clima de seguridade e confianza.
- Clima de respecto entre os membros do claustro.
- Situación e localización do centro.
- Uso das TIC e da radio escolar.
- Trabállase na liña de respecto ás diferenzas.

### Profesorado

- Boa relación entre o claustro.
- Destino definitivo no centro.
- Impulso do equipo de convivencia e a súa coordinación (diagnóstico, creación de quipos e intervención).

### Alumnado

- Escasos conflitos graves.
- Diversidade social, cultural e económica.
- Convivencia óptima e boa integración.
  - Óptimas relacións entre compañeiros/as.
  - Recorre ó profesorado ante un problema.

### Familias

- Elevada asistencia ás actividades de centro para as que son convocados.

### Centro/Profesorado

- Cursos PFPP.  
Recursos CFR e CAFI.
- Aproveitamento da contorna.
- Profesorado definitivo e comprometido co centro e co alumnado.
  - Plan de comunicación

### Familias

- Implicación das familias.



## 4. OBXECTIVOS DERIVADOS DA ANÁLISE PREVIA.

### 4.1 Obxectivos xerais.

En termos xerais, a convivencia nos centros docentes orientarase á consecución dos seguintes fins:

1. Crear un ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de forma óptima os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.
2. Promover unha educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
3. Previr, detectar e tratar situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
4. Proporcionar ós distintos membros da comunidade educativa os recursos e instrumentos necesarios para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia.
5. Asegurar a corresponsabilidade das nais e dos pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas, pupilos ou pupilas.
6. Promover a resolución pacífica dos conflitos e o fomento de valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas.
7. Sensibilizar ós distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.
8. Potenciar e asegurar relacións con entidades e institucións que contibúan a crear unha comunidade educativa capaz de instaurar unha convivencia de calidade na que se respecten os dereitos e liberdades fundamentais.

### 4.2 Obxectivos específicos.

A estes obxectivos xerais, cabería engadir outros máis específicos relacionados directamente coas necesidades detectadas no CEIP Plurilingüe San Benito de Lerez. Ditos obxectivos específicos serán, entre outro, os seguintes:

### **En relación ó alumnado**

- Promover relacións positivas entre os membros do grupo-clase.
- Asegurar unha participación activa e dinámica do alumnado na aula.
- Potenciar a comunicación asertiva entre o alumnado.
- Asegurar a igualdade entre o alumnado (sen distinción por razón de sexo, relixión, ideoloxía, situación personal ou familiar).
- Focalizar a atención sobre as condutas positivas en lugar das negativas.
- Implicar ao alumnado no cumprimento das normas de convivencia, incidindo nas consecuencias do incumprimento.
- Facilitar o diálogo nas aulas, sobre temas de conflitos e disciplina.
- Establecer cauces e procedementos que faciliten a expresión pacífica das tensións e as discrepancias, así coma a aprendizaxe de técnicas e estratexias en resolución de conflitos de forma non violenta a través da mediación, entre outras estratexias.
- Fomentar a participación e a responsabilidade dos alumnos e alumnas e desenvolver a capacidade de autorregulación emocional para responder de forma axeitada ás diferentes situacións que se presenten.

### **En relación ó profesorado**

- Potenciar a comunicación e coordinación entre todos os membros do claustro.
- Potenciar de xeito específico a comunicación e coordinación entre os membros do equipo docente de cada grupo-clase.
- Garantir a formación do profesorado co fin de solucionar do mellor xeito os problemas de convivencia que se plantexan.
- Acordar normas de convivencia comúns, na medida do posible, para todo o alumnado.
- Planificar tarefas ou actividades conxuntas que favorezan o desenvolvemento dunha boa actuación docente.
- Favorecer o coñecemento do Plan de Convivencia e cumprir e facer cumprir as súas normas.

### **En relación ás familias**

- Crear un clima de seguridade, confianza e respecto mutuo.
- Crear pautas e estratexias de actuación común entre o centro e as familias.

- Promover a comunicación, coordinación e colaboración centro-familia.

### En relación mestre/a - mestre/mestra

- Proceder a través de técnicas de mediación en caso de conflicto entre profesores, sendo o diálogo o máis importante.
- Favorecer a igualdade entre o profesorado (sen distinción por nivel educativo impartido, sexo, relixión, ideoloxía, situación personal ou familiar), por parte do Equipo Directivo.
- Colaborar no mantemento da disciplina e da orde dentro do recinto escolar.
- Conseguir que os alumnos e alumnas coñezan e respecten as normas de convivencia do centro, evitando darlles normas contraditorias.

### En relación familia-fillos/as

- Fomentar nos seus fillos e fillas habilidades básicas de:
- Preocuparse de recibir toda a información escrita facilitada polo centro (avisos, autorizacións, etc.)
- Asinar sempre as axendas escolares, boletíns de notas ou calquer anotación enviada polo profesorado.
- Preparar o material nas mochilas, tendo en conta o horario e as materias.
- Compartir no fogar un resumo do día coas experiencias máis salientables da xornada escolar.
- Anotar todos as actividades que hai que facer na casa.
- Insistir na realización das mesmas, antes de realizar outras actividades como ver a televisión, xogar,...
- Fomentar nas súas fillas e fillos o respecto cara aos seus mestres/as e compañeiros/as.
- Canalizar as críticas cara ás mestras e mestres mediante o diálogo con eles e o Equipo Directivo.
- Fomentar a “Non Violencia” entre os seus fillos e fillas e debater con eles as normas de convivencia así como as súas consecuencias.

## **5. ACTUACIÓN, MEDIDAS E PROGRAMAS QUE SE VAN DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA, INCLUÍNDO MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN E ACTUACIÓN ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN, ENTRE OUTRAS.**

### **5.1 Actuación para previrmos o conflito.**

- Elaboración de inquérito entre a comunidade educativa para diagnose da situación de convivencia no Centro centrada nos lugares e situacións principais de conflito.
- A partir do inquérito, traballado a nivel de Titoría e mais de Ciclos, consensuar propostas para afrontar as amentadas situacións conflituosas no Centro.
- Charlas desde a Coordinación de Convivencia en cada aula explicando os resultados do inquérito e as propostas de mellora na convivencia no Centro.
- Deseño de carteis en positivo e plurilingües por parte do alumnado para colocar nos corredores e na biblioteca do Centro co fin de fomentar a convivencia.

### **5.2 Medidas de coordinación.**

- Coordinación a comezo de curso a nivel de ciclo a respecto da Convivencia nas aulas (a concretar nos PAT).
- Actividades de Titoría (NOF, normas de convivencia, dereitos e deberes do alumnado, medidas correctoras, actividades de cohesión).
- Actividades complementarias e extraescolares previamente aprobadas pola dirección. Comunicación ás familias e información ao alumnado por parte do equipo directivo e das titorías.

### **5.3 Plan de acollida para o alumnado de nova incorporación.**

- NOF, normas de convivencia, principios pedagóxicos de Centro transmitidos polo Equipo Directivo, Orientación e Titoría transmitidos a pais e alumnos-as (en proceso de actualización).

### **5.4 Actividades de sensibilización fronte aos casos de acoso e intimidación entre iguais.**

- Establecemento de normas de aula.
- Dereitos e deberes do alumnado/familia.

- Dinámicas de grupo, de cohesión, etc
- Aprendizaxe cooperativa.
- Comunicación e xuntanzas con familias.
- Vixilancia das zonas comúns.
- Rexistro de insultos e outras faltas.
- Aula inclusiva.

### 5.5 Actividades de sensibilización na igualdade entre homes e mulleres.

- Día da non violencia de xénero.
- Lectura de contos que traballen a igualdade e as emocións.
- Lectura de libros que fomenten o empoderamento das alumnas: “Pioneiras”, “Valerosas”, etc.
- Videoforum con películas e curtas que traballan a igualdade.
- Dinámicas de grupo.
- Asignación de tarefas non sexistas.
- Role-Playing.
- Charlas e obradoiros.

### 5.6 Medidas de carácter organizativo.

#### Entradas e saídas

A entrada ten lugar ás 9:15 co son dunha música que vai cambiando segundo o momento do curso. No caso dos alumnos de Educación Primaria, os nenos transportados, que permanecen o patio soben pola escaleira anexa ao ximnasio, os nenos non transportados aceden pola porta principal e suben polas escaleiras principais. No caso dos alumnos de Educación Infantil, unha vez que suben os maiores, os transportados entran pola porta que comunica o patio co recibidor, e os non transportados entran pola porta da esquerda. En todo momento hai profesorado atendendo a entrada.

Á, os non transportados saen pola porta principal, e os transportados forman filas para agardar polos buses, do seguinte xeito: liña 1 e 3 na zona cuberta do patio, e liña 2 no corredor da zona administrativa, nestas filas hai unha orde establecida. Hai tres mestres facendo garda de transporte para acompañar a devanditas ringleiras.

## **Cambios de clase**

Os cambios de clase veñen marcados por unha música, o mestre que está nun aula debe permanecer na mesma ata que chegue o mestre encargado da seguinte sesión, de xeito que os alumnos e alumnas nunca permanezas sós.

## **Organización dos recreos**

Á hora do recreo soa unha música, e os nenos de Educación Infantil se vai bo tempo saen ao seu patio, acompañados por dous mestres de garda, e se o tempo non o permiten permanecen no espazo común ou no ximnasio vaixo a vixilancia de devanditos mestres.

Os nenos de Educación Primaria baixan ao patio pola escaleira anexa ao ximnasio, no caso de que chova os de 3º en diante van ao pavillón anexo e os de 1º e segundo permanecen na zona cuberta; neste caso hai tres mestres de garda. Cando vai bo tempo hai establecidas quendas para os diferentes xogos de pista, así como días de “xogo sen balóns”, nos que os nenos poden usar outro tipo de xogos tradicionais.

### **5.7 Actuacións formativas en materia de convivencia.**

#### **Para o alumnado**

- Pretendemos formar o alumnado de sexto na mediación e resolución de problemas.
- Charlas informativas sobre os perigos de internet, o acoso...
- Programa de concienciación e de recollida do lixo no patio.

#### **Para o profesorado**

- Pretendemos formarnos a través dun Plano de formación.

#### **Para as familias:**

- Información a nivel titorial.



- Charlas impartidas por persoal externo ao centro.
- Charlas de igualdade dentro do Plan Nacional de Igualdade.
- Posibilidade de implantación dunha escola de pais.

## 6. PROTOCOLO DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO.

O fenómeno coñecido como acoso escolar, maltrato entre iguais ou *bullying* estivo presente en toda a historia, se ben é certo que nos últimos anos ten adquirido maior interese e relevancia social. É por esta razón que a prevención, detección e tratamento do acoso escolar se configuran como un punto clave do noso Plan de convivencia.

### 6.1 Identificación da situación de acoso.

O artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, incluído no capítulo III titulado “Prevención e tratamento das situación de acoso escolar”, defínese o acoso escolar como:

*calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.”*

Da definición dada despréndese que para considerar un comportamento como acoso escolar, deben cumprirse tres criterios diagnósticos de xeito simultáneo. Os criterios son:

#### **A existencia de intención de facer dano**

- Debe existir unha vítima concreta, indefensa e unha persoa agresora que lle fai dano conscientemente.

#### **A repetición das condutas agresivas**

- A agresión crea na vítima a expectativa de poder ser branco de ataques novamente.





- Existencia dunha acción agresiva repetida, durante un período longo de tempo e de forma recorrente. Os comportamentos de abuso preséntanse reiteradamente no tempo.
- É un tipo de violencia difícil de identificar debido a que o acoso case sempre permanece oculto para as persoas adultas, mentres que o alumnado ten coñecemento dos sucesos.

### A duración no tempo

- Establecemento dun esquema de abuso de poder desequilibrado entre a vítima e a persoa agresora ou persoas agresoras.
- Presenza de desigualdade de poder (desequilibrio de forzas) entre a persoa máis forte e a persoa máis débil. Son situacións de desigualdade e de indefensión para a vítima. Hai un desequilibrio e un abuso de poder que impide que a persoa acosada poida saír por si mesma da situación.

### 6.2 Protocolo de actuacións fronte o acoso.

Co propósito de paliar as consecuencias de calquera tipo de acoso escolar (incluído o ciberacoso), a persoa responsable da dirección do centro ou, de ser o caso, calquera outro membro do equipo por delegación expresa, dirixirá as actuacións referidas no Protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.

A posta en marcha das diferentes actuacións a seguir ante unha situación de acoso requiren da colaboración e corresponsabilidade dos distintos membros da comunidade educativa. Para favorecer o repartimento de responsabilidades e a coordinación na acción, propoñemos adoptar as seguintes fases:

- Primeira fase: coñecemento, identificación e comunicación da situación.
  - Medidas urxentes de protección á presunta vítima que se poderán tomar (Anexo 2 do **Protocolo xeral para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar, actualizado, así como o procedemento corrector de condutas contrarias ás normas de convivencia**)



CEIP PLURILINGÜE SAN BENITO DE LÉREZ – O Cruceiro, 57 - 36156 - Lerez (Pontevedra)  
Telf.: 886.151.564 – Fax: 886.151.565. e-mail: ceip.sanbenito.lerez@edu.xunta.es

- Indicacións para a comunicación do caso ás familias do alumnado implicado, así como - de ser oportuno- a outros profesionais educativos e axentes externos (membros da comunidade educativa, instancias sociais, sanitarias, xudiciais...).(Anexo 3 e 4 do **Protocolo**)
- Recóllese a posibilidade de designar a unha persoa responsable de apoiar e atender á presunta vítima (Anexo 5 do **Protocolo**).
- Establécense os pasos para o nomeamento, entre o profesorado do centro, da persoa responsable da tramitación do proceso que -segundo indica o protocolo-, será tamén a instrutora do expediente disciplinario, de ser o caso (Anexo 6 do **Protocolo**)
- Segunda fase: recollida de información e rexistro.
  - Pautas para o rexistro e levantamento de acta das entrevistas individuais que se realicen co alumnado e familias implicadas. (Anexos 8,9,10,11 e 12 do **Protocolo** )
  - Pautas para a recompilación de calquera outro tipo de documentación.
  - A posibilidade de solicitar asesoramento ou apoio técnico tanto do departamento de orientación do centro como, especialmente no caso de ciberacoso, doutros organismos como os servizos sociais, sanitarios, corpos e forzas de seguridade do Estado, entre outros. (Anexos 13 e 14 do **Protocolo**)
- Terceira fase: análise da información e adopción de medidas. ( Anexos 15 e 16 do **Protocolo**)
  - Ofrece información sobre os diferentes expedientes disciplinarios que se poderán abrir no caso de estar diante dunha situación de acoso constatada.



CEIP PLURILINGÜE SAN BENITO DE LÉREZ – O Cruceiro, 57 - 36156 - Lerez (Pontevedra)

Telf.: 886.151.564 – Fax: 886.151.565. e-mail: ceip.sanbenito.lerez@edu.xunta.es

- Recolle os responsables de desenvolver o devandito expediente.
- A normativa relativa ao mesmo, por exemplo no que atinxe á gradación das medidas que se poderán adoptar:
  - Antes e despois da resolución do expediente, para a protección da vítima (vixilancia, tutorías, grupos de axuda...)
  - Para a reeducación dos presuntos acosadores.
  - Medidas correctoras destes últimos (que só se poderán adoptar unha vez resolto o expediente e de acordo co establecido na Lei 4/2011 e o Decreto que a desenvolva).
  - Actuacións co grupo clase, coas familias e co equipo docente.
- Cuarta fase: seguimento e avaliación das medidas adoptadas. (Anexo 16 do **Protocolo**)

Nesta fase deséñase o seguimento da situación, que quedará a cargo da persoa directora ou aquela na que delegue, coa intención de comprobar o cumprimento e a pertinencia das medidas adoptadas, para o que se deberán programar encontros periódicos, especialmente coa vítima, para comprobar a eficacia da actuación.

Ademais, no documento que contén as fases do protocolo tamén se considera un apartado no que se recollen diferentes estratexias de prevención para tratar de evitar que situacións deste tipo alteren a convivencia do centro..

Non podemos esquecer tampouco que se engade un apartado coas particularidades e medidas de prevención e actuacións que require o ciberacoso.

### 6.3 Estratexias de prevención.

Aínda que, en ocasións, puidesen xurdir episodios de acoso, os modelos preventivos de carácter xeral a nivel de centro e de aula son a mellor vía para que os problemas de convivencia se reconduzan de xeito positivo e se garanta unha axeitada convivencia escolar.

Toda medida preventiva, con independencia do ámbito no que se desenvolva, será levada a cabo de xeito coordinado polos distintos membros da comunidade educativa a fin de fomentar o desenvolvemento social do alumnado, pero tamén o avance social da institución escolar no seu conxunto.

#### A nivel de centro

- Difusión do Plan de convivencia e das NOF á comunidade educativa a través de diferentes medios.
- Promover a participación na revisión e actualización do Plan de convivencia.
- Desenvolver programas formativos dirixidos ós diferentes membros da comunidade educativa (PFPP, charlas, talleres,...).
- Organización e mellora dos espazos de ocio.
- Reunións periódicas cos mestres titores co propósito de deseñar actuacións conxuntas de mellora da convivencia.
- Desenvolvemento de medidas de carácter organizativo para vixiar os tempos e espazos de risco (entradas, saídas ou recreos).
- Conmemoración de todas aquelas celebracións que favorezan un clima de convivencia, respecto, igualdade e tolerancia ( *Día da Paz*”, dos *Dereitos da Infancia*”, *Día dos Humanos*” e o *Día Internacional da muller*”)
- Impulsar o desenvolvemento de todas as competencias básicas, e especial as sociais e cívicas.

#### A nivel de aula

- Dar a coñecer os dereitos e deberes do alumnado e o plan de convivencia.
- Elaboración de normas de convivencia de xeito consensuado en cada clase.
- Propoñer actividades e obradoiros encamiñados a sensibilizar ó alumnado na igualdade, respecto e tolerancia.



CEIP PLURILINGÜE SAN BENITO DE LÉREZ – O Cruceiro, 57 - 36156 - Lerez (Pontevedra)  
Telf.: 886.151.564 – Fax: 886.151.565. e-mail: ceip.sanbenito.lerez@edu.xunta.es

- Potenciar no grupo habilidades sociais asertivas e de autoconñecemento
- Diseñar estratexias de colaboración e coordinación coas familias.
- Convocar reunión periódicas co fin de tratar a marcha da convivencia.

## 7. CONCRECIÓN DAS PERSOAS OU ÓRGANOS RESPONSABLES, DAS PERSOAS DESTINATARIAS E DOS PROCEDEMENTOS QUE SE VAN SEGUIR PARA O SEU DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN.

ACTUACIÓNS	PERSOAS OU ÓRGANOS RESPONSABLES	PROCEDEMENTOS A SEGUIR
<b>Actuacións para previr o conflito.</b>	Comunidade educativa.	Referido no punto 5.2 do presente documento.
<b>Actuacións referidas á acollida do alumno e das familias no centro.</b>	Equipo docente.	Referido no punto 5.3 do presente documento.
<b>Actuacións de sensibilización fronte o acoso.</b>	Comunidade educativa. Persoal externo.	Referido no punto 5.4 e no punto 6 do presente documento.
<b>Actividades de sensibilización na igualdade.</b>	Comunidade educativa. Persoal externo.	Referido no punto 5.5 do presente documento.



CEIP PLURILINGÜE SAN BENITO DE LÉREZ – O Cruceiro, 57 - 36156 - Lérez (Pontevedra)

Tel.: 886.151.564 – Fax: 886.151.565. e-mail: ceip.sanbenito.lerez@edu.xunta.es

ACTUACIÓNS	PERSOAS OU ÓRGANOS RESPONSABLES	PROCEDEMENTOS A SEGUIR
<b>Actuacións de carácter organizativo (entradas, saídas, recreos,...).</b>	Equipo docente.	Referido no punto 5.6 do presente documento.
<b>Actividades formativas (charlas, programas de mediación, programas de concienciación,..).</b>	Equipo docente. Persoal externo.	Referido no punto 5.7 do presente documento.
<b>Aula inclusiva.</b>	Mestre/a titor/a Orientador Xefe de estudos	Referido no punto 11 do presente documento.
<b>Escola de pais.</b>	Comunidade educativa.	Referido no punto 12 do presente documento.

## 8. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO.

Na convivencia diaria das nosas aulas, patios, autobuses, filas de autobús... danse distintas situacións que o profesorado debe resolver buscando a mellor relación na comunidade educativa.

Por iso os pais, nais e titores legais que matriculen os seus fillos/as neste centro deben aceptar e **cumplir as normas de convivencia recollidas no noso Plan de convivencia, actualizado anualmente no mes de outubro e aprobado no Consello Escolar.** Deixando en segundo plano as conviccións relixiosas, políticas, gustos ou disgustos, puntos de vista a favor ou en contra das medidas aplicadas, e sempre escoitados pola dirección do centro.



As Normas de Convivencia do CEIP Plurilingüe San Benito de Lerez abarcan aspectos referidos á:

- Puntualidade
- Será considerada falta de puntualidade por parte do alumnado chegar ao centro despois das 9:20 e con carácter excepcional antes das 9:25 horas.
- Tocante a desperfectos.
- Se un alumno/a rompe, estraga, perde,.. un obxecto dun compañeiro/a (por exemplo , unha prenda de vestir), terá que pedir desculpas e proporcionar outro similar.
- De estragar material escolar do centro, tamén terá que pedir desculpas e repoñer o material estragado.
- Quendas de recreo
- O profesorado encargado das quendas de recreo deberá atender aos problemas que xurdan no patio e será o encargado de resolver os conflitos leves xurdidos neste espazo común para que estes incidan o menos posíbel no ritmo das clases posteriores. Será moi importante atender as demandas do alumnado e, sinaladamente, todo o tocante ás agresións verbais ou físicas.

De ser faltas relevantes ( insultos reincidentes ou que atacan seriamente contra a dignidade da vítima ou de haber agresións físicas) o profesor/a que observou a infracción na súa quenda de recreo deixará constancia no Rexistro de Incidencias (colocado enriba da mesa do despacho de dirección) e informará ao titor/a correspondente do acontecido, quen será o encargado de impor as medidas correctoras.

As medidas adoptadas durante as quendas de recreo para faltas leves ( arranxadas ao longo do propio recreo) como para faltas relevantes (quen impliquen rexistro e aviso ao titor/a) teñen que conlevar o recoñecemento da infracción e a reparación do dano.

- Todos os mestres e metras do centro actuaremos do mesmo xeito diante das faltas - tentando resolver o conflito xerado in situ -; nas aulas, nos corredores, nas filas de autobuses, etc. De seren faltas releventes, actuaremos do mesmo xeito que na



CEIP PLURILINGÜE SAN BENITO DE LÉREZ – O Cruceiro, 57 - 36156 - Lerez (Pontevedra)

Tel.: 886.151.564 – Fax: 886.151.565. e-mail: ceip.sanbenito.lerez@edu.xunta.es

quenda do recreo, anotando a falta no libro de Rexistro e informando ao titor/a.

- Ante as faltas rexistradas , o titor/a pode:
  - Amoestar en privado ou por escrito.
  - Potenciar tarefas de reflexión sobre a conducta incorrecta.
  - Botar man do equipo de mediación do centro (unha vez que funcione).
  - Suspende o dereito a participar nalgunha actividade extraescolar ou complementaria concreta.
- No tocante a EDIXGAL

As normas no referido ao uso do soporte EDIXGAL quedarán reflectidas no Plan de Acción Titorial do centro.

#### OUTRAS OPCÍONS:

- Unha vez alcanzado un número de faltas relevantes anotadas no libro de Rexistro, coas correspondentes medidas adoptadas, se o titor/a entende que non chega, que non alcanza coas anteditas medidas, o alumno/a comparcerá na Xefatura de Estudos. Na Xefatura, o alumno/a escribirá unha carta aos seus proxenitores ou titores legais explicando os motivos polos que chegou a este punto ( mencionando as respectivas faltas relevantes do Rexistro). A Xefatura de Estudos conservará unha copia da carta, que lle será entregada aos proxenitores.
- De non haber, aínda así, cambio de conduta, o equipo directivo poderá aplicar outras medidas do artigo 43:
- Realización ,en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- Cambio de grupo por un período de ata unha semana.





- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. Para este caso o noso centro ten habilitada unha aula inclusiva, O alumno/a asistirá ao centro e estará acompañado pola orientadora ou, na súa ausencia, polo profesorado de garda, por un período de entre un e tres días. O alumno/a traballará os mesmos contidos que o resto dos seus compañeiros/as que permanecen na aula. As actividades a levar a cabo polo amonestado alumno/a serán programadas polo seu titor/a.
- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

É ben importante respectar os anteriores pasos. Compre non saltalos.

Cando a seguridade ou integridade física do alumnado corra perigo, Dirección pode tomar a decisión de atallar os pasos anteriores citados indo directamente a unha aula inclusiva.

## **9. ESTABLECIMENTO DE CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E DAS CORRECCIÓNS QUE CORRESPONDAN Ó SEU INCUMPRIMENTO.**

Aínda que dende o CEIP Plurilingue San Benito de Lerez poremos especial énfase na prevención das condutas leves e gravemente prexudiciais para a convivencia, entenderemos o conflito como algo inherente á vida, como algo común nunha sociedade libre e democrática.

Aínda que a xestión da convivencia sexa óptima, os problemas aparecerán e os percibiremos como unha oportunidade para aprender. O diálogo e a conciliación forman parte do noso ideario de centro, polo que serán estas as estratexias básicas a empregar de cara a resolución de conflitos no eido escolar. Isto fai evidente que todas as medidas correctoras a aplicar formarán parte do proceso educativo do noso alumnado, é dicir, terán carácter educativo e recuperador, garantirán os dereitos de todos/as e contribuirán a acadar unha mellora da convivencia a todos os niveis.



CEIP PLURILINGÜE SAN BENITO DE LÉREZ – O Cruceiro, 57 - 36156 - Lerez (Pontevedra)

Teléfono: 886.151.564 – Fax: 886.151.565. e-mail: [ceip.sanbenito.lerez@edu.xunta.es](mailto:ceip.sanbenito.lerez@edu.xunta.es)

É importante referir neste punto o artigo 36 do D. 8/2015. Este establece que deberán corrixiarse todas as condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar que se produzan en calquera tipo de actividade que se desenvolva dentro do recinto escolar; pero tamén aquelas producidas durante a realización de actividades complementarias e extraescolares que se desenvolvan fóra do citado recinto, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar; ou aquelas producidas fóra do recinto escolar que estean directamente relacionadas coa vida escolar e afecten a outros membros da comunidade educativa.

As incidencias que se consideren relevantes serán anotadas no libro que para tal fin está depositado en dirección

### **9.1 Conductas leves contrarias á convivencia.**

1. Faltas de asistencia inxustificadas á clase.
2. Faltas reiteradas de puntualidade.
3. Portar calquera obxecto, substancia ou produto prohibido polas normas do centro.
4. Ignorar as orientacións e indicacións tanto do profesorado como do persoal non docente.
5. Non respetar a integridade, intimidade, ideas e/ou crenzas dalgún dos membros da comunidade educativa.
6. Utilizar incorrectamente as instalacións ou bens do centro.

### **9.2 Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia.**

1. Amoestación privada ou por escrito do mestre/a, do titor/a e/ou do xefe/a de estudos.
2. Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.
3. Realización de traballos específicos en horario lectivo (tarefas de limpamento, tarefas que contribúan a repara o dano causado, ou tarefas que permitan repoñer o material do centro)
4. Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
5. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
6. Cambio de grupo por un período de ata unha semana.



7. Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
8. Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
9. De xeito excepcional, o alumnado poderá quedar durante o recreo na aula co profesor por un tempo nunca superior a quince minutos a reflexionar sobre a súa conduta incorrecta, nunca como castigo e sempre garantindo medio recreo. (a debater entre todo o claustro).

### 9.3 Conductas gravemente perxudiciais para a convivencia.

As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

1. Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa.
2. Os actos individuais ou colectivos de desafío ó profesorado e ó persoal non docente.
3. As actuacións que constitúan acoso escolar.
4. A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos
5. Os danos graves causados ás instalacións e ós materiais dos centros docentes.
6. Os danos graves causados ós bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
7. Os actos inxustificados que afecten gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
8. As actuacións gravemente perxudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.

9. Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa
10. A reiteración de condutas leves contrarias ás Normas de Convivencia.
11. O incumprimento das sancións impostas.

#### **9.4 Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia**

As medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia (artigo 39 do Decreto 8/2015) a levar a cabo no noso centro son, ademais das propostas para as condutas leves, as seguintes:

1. Realización de tarefas que contribúan á mellora e ó desenvolvemento das actividades do centro.
2. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
3. Cambio de grupo.
4. Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
5. Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
6. Cambio de centro.

#### **10. A COMISIÓN DE CONVIVENCIA**

A comisión de convivencia do noso centro terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, facilitando así o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velando pola correcta aplicación do disposto no Decreto 8/2015, no plan de convivencia e nas normas de convivencia da cada centro.



Dita comisión manterán tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros. Ademais, cando a comisión de convivencia o considere oportuno, poderá solicitar o asesoramento dos/as profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora social do concello ou doutros ou doutras profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

### 10.1 Composición.

A comisión de convivencia do CEIP Plurilingüe de Lerez estará composto por:

- Díaz Rubal, M<sup>a</sup> José (Representante das familias).
- Carril Braga, M<sup>a</sup> del Carmen (Directora)
- Rial Riveiro, Beatriz (Representante del profesorado)

O referido fai evidente que, dadas as características do centro, a nosa comisión de convivencia non cumpre co principio de igualdade entre homes e mulleres.

### 10.2 Funcións

A comisión de convivencia, referidas no artigo 6.4 do Decreto 8/2015, serán:

1. Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
2. Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
3. Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

4. Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
5. Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
6. Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
7. Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
8. Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
9. Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

## 11. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

A aula inclusiva referida no artigo 25 do Decreto 8/2015, ten como finalidade substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia á aula ou ó centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras. O que se busca a través da súa creación é que o alumno/a, obxecto de comentadas medidas, se reincorpore á súa propia aula no menos tempo posible.

Tal e como se desprende do dito, acudirán a aula de convivencia inclusiva todos aqueles alumnos/as que, logo de ter alcanzado un número de faltas relevantes no Libro de Rexistro do centro, ter sido obxecto das correspondentes medidas correctoras e ter comparecido ante a Xefatura de Estudos, manteñen a súa conducta.

As actuacións e medidas a levar a cabo na mesma dependerán da conducta a correxir, podendo ser estas:



- Actividades de aula propostas polo titor/a respectando a programación de aula correspondente e a simultaneidade dos contidos curriculares.
- Dinámicas para traballar a reflexión e o conflito.
- Dinámicas de educación emocional.

Cómpre referir aquí que todas e cada unha das actuacións a levar a cabo terán un carácter educativo e recuperador, configurándose o diálogo e a conciliación como as estratexias habituais e preferentes de resolución de conflitos (**ANEXO 1**).

Será a orientadora a encargada de atender e supervisar ó alumnado obxecto das actuacións e medidas descritas. Non obstante, esta poderá contar co apoio e asesoramento do resto dos membros do Departamento de Orientación na elaboración e posta en marcha das diferentes actuacións e intervencións referidas á convivencia.

Estas actuacións levaranse a cabo na aula do Departamento de Orientación no horario referido no **ANEXO 2** (ANEXO “horario orientación”), requirindo estas do emprego de diferentes e variados materiais (películas, libros, material funxible, recursos TIC,...).

A dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno ou alumna sexa atendido ou atendida na aula de convivencia inclusiva, garantindo, en todo caso, o trámite de audiencia aos pais, nais, titores ou titoras (**ANEXO 3 “TÁBOAS”**). No caso de que a asistencia á mesma resultase non ser suficiente para solventar os problemas derivados da conducta contraria á convivencia, poderíanse poñer en marcha outras medidas correctoras (suspensión do dereito de asistencia ó centro, cambio de grupos,...).

## 12. ESCOLAS DE PAIS

Atendendo á RESOLUCIÓN do 3 de xullo de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o apoio á creación e ao funcionamento das escolas de nais e pais reguladas pola Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, en proceso de creación.



### 13. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DO CONTORNO.

No que respecta ós mecanismos de coordinación internos de centro cabería diferenciar, atendendo ós distintos membros da comunidade educativa, os seguintes:

#### **EQUIPO DOCENTE**

- Reunións periódicas entre o profesorado que imparte docencia no mesmo grupo-clase coa finalidade de unificar criterios e/ou normas de convivencia comúns.
- Reunións e claustros periódicos ós que asistan todos/as os/as mestres/as que imparten docencia no centro co fin de coordinar distintos aspectos do centro.
- Reunión entre o titor-a do grupo clase que impartiu o e o titor-a que vai impartir o próximo curso antes de comezar a actividade lectiva.
- Reunións do Departamento de Orientación.

#### **FAMILIAS**

As diferentes disposicións legais refiren a importancia da implicación e participación das familias no proceso de ensino-aprendizaxe. Concretamente, o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia dispón, no artigo 42, que dende os centros se promoverá dita implicación das familias. A finalidade non é outra que asegurar que estas reciben a información e asesoramento necesario tanto para afrontar o seu labor educativo, como para facilitar a comunicación co profesorado e potenciar a súa participación na vida dos centros.

Co propósito de dar resposta a este cometido establécese, dende o CEIP Plurinlingüe San Benito de Lerez, a posta en marcha de diferentes actuacións:

- Reunións globais cos pais, nais ou titores/as legais por titorías e/ou niveis. Estas estarán encamiñadas a expoñer as liñas xerais de traballo, coñecer as decisións relativas á avaliación, á promoción ou á adopción das medidas de apoio ou reforzo necesarias para facilitar o progreso educativo do alumnado. Isto é, terán acceso a todos os documentos oficiais do centro e, xa que logo, á información que nestes se



CEIP PLURILINGÜE SAN BENITO DE LÉREZ – O Cruceiro, 57 - 36156 - Lerez (Pontevedra)

Teléfono: 886.151.564 – Fax: 886.151.565. e-mail: ceip.sanbenito.lerez@edu.xunta.es

recolle (PE, PXAD, PXA, NOF,..). Unha destas reunións, tal e como se refire na Orde de 22 de julio de 1997 (Capítulo VI artigo 5), terá lugar antes do mes de novembro.

- Reunións de titoría individual un día por semana.

### **ANPAS**

Coa finalidade de informar e coordinar as distintas actuacións a desenvolver no centro, programaranse as reunións oportunas entre o equipo directivo e a ANPA.

### **INTERCENTROS**

A dirección, en representación do centro, reunirase cos directores/as dos centros da contorna para unificar e coordinar aspectos relativos á admisión do alumnado, ó calendario escolar,...

### **ORGANISMOS DA CONTORNA**

O CEIP Plurilingüe San Benito de Lerez colabora con diversos e variados organismos e/ou institucións da contorna, entre eles:

- Concello.
- Secretariado Xitano
- Cruz

Vermella

## **14. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.**

O equipo directivo do CEIP Plurilingüe San Benito de Lerez levará a cabo as actuacións necesarias para que o Plan de convivencia sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os membros da comunidade educativa. Entre eles:

### **PROFESORADO**

A través do:

- Claustro.
- CE e Comisión de convivencia.



CEIP PLURILINGÜE SAN BENITO DE LÉREZ – O Cruceiro, 57 - 36156 - Lerez (Pontevedra)  
Telf.: 886.151.564 – Fax: 886.151.565. e-mail: ceip.sanbenito.lerez@edu.xunta.es

- Equipos de mediación e tratamento de conflitos.
- Xuntas de avaliación
- Equipos docentes
- Comisión de Coodinación Pedagóxica que informe e recolle as propostas dos Departamentos.
- Profesorado novo. Sistema de información ó inicio do curso de todo o Plan de Convivencia (copia secretaria, coio no DO e Drive do centro)

A través do:

- ANPA
- Consello escolar.
- Comisión de convivencia.
- Páxina web do centro.
- Reunións ó principio do curso cos titores/as.
- Cartas informativas.
- Reunión do equipo directivo coas familias dos alumnos/as que comezarán no centro.

## ALUMNADO

A través do:

- Titor/a
- Alumno axudante e equipos de mediación.
- Páxina web.
- Pais, nais ou titores/as legais.

## 15. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

Dende o CEIP Plurilingüe San Benito de Lerez levarase a cabo un control de todas aquelas conductas contrarias a convivencia. Os encargados de realizar dito **control anual** serán tanto os membros do Equipo directivo como a propia Comisión de Convivencia. Os datos

CEIP PLURILINGÜE SAN BENITO DE LÉREZ – O Cruceiro, 57 - 36156 - Lerez (Pontevedra)  
Telf.: 886.151.564 – Fax: 886.151.565. e-mail: ceip.sanbenito.lerez@edu.xunta.es

derivados dese control permitirán determinar as posibles causas desas conductas, pero tamén establecer actuacións preventivas futuras.

Neste eido, cabería destacar tamén que a Comisión de Convivencia **analizará trimestralmente** o cumprimento e seguimento do recollido no presente Plan de Convivencia.

Todos estes mecanismos de seguimento, avaliación e mellora do Plan de convivencia do CEIP Plurilingüe San Benito de Lerez quedarán reflexados na memoria final do plan. Será o Consello Escolar, en pleno e por proposta da comisión de convivencia, o encargado de aprobar comentada memoria co fin de que esta forme parte da memoria anual de centro (Decreto 8/2015).

## ANEXO 1

PROPOSTA DE ACTIVIDADES AULA DE CONVIVENCIA
Lectura de libros
Visionado de videos, películas e/ou curtos.
Role playing
Redacción de compromisos e/ou contratos contractuais
Elaboración de cuestionarios
Oca da solidaridade
Oca da conducta
Ficha de reflexión
Los derechos y deberes de mi colegio



CEIP PLURILINGÜE SAN BENITO DE LÉREZ – O Cruceiro, 57 - 36156 - Lerez (Pontevedra)

Telf.: 886.151.564 – Fax: 886.151.565. e-mail: ceip.sanbenito.lerez@edu.xunta.es

**PROPOSTA DE ACTIVIDADES AULA DE CONVIVENCIA**

Técnica de los seis sombreros de pensar de Edward de Bono

**ANEXO 2**

SESIÓNS	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1º					
2º					Orientación
3º	Orientación	Orientación		Orientación	Orientación
H.L					
<b>RECREO</b>					



CEIP PLURILINGÜE SAN BENITO DE LÉREZ – O Cruceiro, 57 - 36156 - Lerez (Pontevedra)

Telf.: 886.151.564 – Fax: 886.151.565. e-mail: [ceip.sanbenito.lerez@edu.xunta.es](mailto:ceip.sanbenito.lerez@edu.xunta.es)

<b>5º</b>		Orientación	Orientación		Orientación
<b>6º</b>	Orientación	Orientación		Orientación	

### ANEXO 3



## COMUNICACIÓN Á FAMILIA

Reunido D./Dna. \_\_\_\_\_ (pai, nai,  
 titor/a legal) do alumno/a \_\_\_\_\_ e o/a director/a  
 do centro D./Dna. \_\_\_\_\_.

Para o seu coñecemento lles comunica a resolución de derivación do alumno/a á  
 aula de convivencia inclusiva nas condicións establecidas no Plan de Convivencia.

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Sinatura

Sinatura

Director/a

Pai, nai, titor/a



## DATOS SOBRE A EVOLUCIÓN DO ALUMNO/A

Asiste con regularidade:

Trae o material a traballar:

Realiza as actividades que se lle indican:

Amosa unha actitude respetuosa:

Amosa actitude reflexiva e cooperativa:

Mostra indicios de mellora:

Establece compromisos:

Outros datos de interese:

Sinatura

Sinatura

Responsables da  
aula de convivencia inclusiva

Orientador/a



CEIP PLURILINGÜE SAN BENITO DE LÉREZ – O Cruceiro, 57 - 36156 - Lérez (Pontevedra)  
Telf.: 886.151.564 – Fax: 886.151.565. e-mail: ceip.sanbenito.lerez@edu.xunta.es

## DERIVACIÓN Á AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

### DATOS DO CENTRO

<b>NOME:</b>		<b>CÓDIGO:</b>	
<b>LOCALIDADE</b>		<b>PROVINCIA:</b>	

### DATOS DO ALUMNO/A

<b>NOME:</b>		<b>APELIDOS:</b>	
<b>CURSO:</b>		<b>GRUPO:</b>	

<b>NÚMERO DE DERIVACIÓNS Á AULA DE CONVIVENCIA:</b>	
<b>ANTECEDENTES DE CONDUCTA:</b>	
<b>MOTIVO DA DERIVACIÓN:</b>	
<b>OBXECTIVO DA DERIVACIÓN:</b>	





CEIP PLURILINGÜE SAN BENITO DE LÉREZ – O Cruceiro, 57 - 36156 - Lérez (Pontevedra)  
Telf.: 886.151.564 – Fax: 886.151.565. e-mail: ceip.sanbenito.lerez@edu.xunta.es

<b>DATOS SOBRE A DERIVACIÓN</b>					
<b>Nº DE DÍAS</b>					
<b>Nº DE HORAS POR DÍA</b>					
<b>HORARIO DE PERMANENCIA NA AULA</b>	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>ACTIVIDADES FORMATIVAS</b>					
<b>ACTIVIDADES DE REFLEXIÓN</b>					

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Sinatura

Sinatura



CEIP PLURILINGÜE SAN BENITO DE LÉREZ – O Cruceiro, 57 - 36156 - Lérez (Pontevedra)  
Telf.: 886.151.564 – Fax: 886.151.565. e-mail: ceip.sanbenito.lerez@edu.xunta.es

Director/a

Titor/a